

NOTA INFORMATIVA relativa aos anexos da ORDE do 20 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas para a realización do Programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos centros especiais de emprego (CEE) e se procede á súa convocatoria plurianual (2023 a 2026) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU (código de procedemento TR341X).

Informase de que todos os anexos da Orde do 20 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas para a realización do Programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos centros especiais de emprego (CEE) e se procede á súa convocatoria plurianual (2023 a 2026) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU (código de procedemento TR341X) enténdense financiados a través do mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e con fondos finalistas do Estado recibidos de Servizo Público de Emprego Estatal.

Ao asinar o Anexo VI da dita orde, sobreenténdese que a persoa solicitante ou representante declara que informou á persoa traballadora de que esta subvención está financiada a través do mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e con fondos finalistas do Estado recibidos de Servizo Público de Emprego Estatal.

A Subdirección Xeral de Economía Social